

ANUNCIO BOPPO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS ÁGORA DE FOTOGRAFÍA SOBRE O ESPAZO PÚBLICO

Introdución

Un modelo claro de mobilidade: as persoas como centro

Os espazos públicos (rúas, prazas, travesías e estradas) constitúen un servizo público da mesma categoría que a educación ou a sanidade e son un dereito fundamental das persoas que están nas cidades e nas vilas, polo que deben entenderse como un espazo de encontro para construír a vida colectiva.

Nun territorio como Galicia, pola súa dispersión poboacional, as actividades teñen lugar de forma continuada ao longo dunha gran travesía. A pesar de que nestas vías se articula a vida cotiá e son o principal espazo público para a cidadanía, estas foron invadidas polo tránsito de paso motorizado non local e convertéronse en estradas rúas. A superficie da rúa especializouse, as calzadas ensancháronse e as beirarrúas estreitáronse, priorizouse a circulación do automóbil, e marxinouuse a cidadanía, as e os viandantes e as usuarias e usuarios doutros medios de transporte coma a bicicleta, sobre o vehículo privado.

A política de mobilidade que está a desenvolver a Deputación de Pontevedra persegue, fundamentalmente, un cambio de criterio sobre as anteriores premisas: poñer as persoas como centro das súas actuacións para devolverlles o dereito á cidade e á vila, aos lugares de encontro e de vida, tendo en conta que poden dedicarse a usos moi dispares e que só unha pequena parte debería estar reservada á mobilidade motorizada.

Os proxectos nas estradas e nos espazos públicos da Deputación de Pontevedra avanza na progresiva recuperación de gran parte da multifuncionalidade que tivo outrora a rúa sen excluír a ninguén —nin sequera o vehículo privado— e buscan a convivencia de usos establecendo prioridades diferentes ás actuais.

Quérense deixar fóra os condicionantes culturais polos que boa parte da poboación —usuaria de vehículos a motor ou non— considera que o progreso e o benestar demandan unha circulación fluída dos automóviles e que as molestias que estes supoñen deben ser toleradas. Non obstante, é fundamental recuperar a conciencia de que todas as persoas somos viandantes, incluídas aquelas que conducen, que hai quen pola súa idade, condición física ou económica o é sempre, e que fronte aos dereitos da persoa condutora e propietaria dun vehículo están os dereitos das e dos viandantes e dos colectivos máis vulnerables.

Desde a Deputación de Pontevedra estase a actuar con medidas novas de deseño ao proxectar elementos que vertebran itinerarios e rutas peonís e ciclistas, prestándolles especial atención ás técnicas e aos procedementos que axudan a que os distintos medios de transporte coexistan no espazo público. Estase a traballar para que as e os peóns gocen de maior prestixio que as e os condutores de automóbil e para que conten cunha superficie moito maior na rúa que os demais

medios de transporte. Trátase de devolverlles ás persoas o seu espazo: se antes a tendencia era que a calzada e os espazos de aparcamento ocupasen o 80 % do espazo público, agora a aposta pasa a ser xusto á inversa.

O deseño dos espazos públicos pasou a ser un dos instrumentos do cambio da filosofía, porque actuar sobre a mobilidade dos vehículos é moito máis que racionalizar a súa circulación: é dar o primeiro paso e devolverlles as vilas e o territorio ás persoas. De feito, para mellorar a calidade nas estradas, en canto á estancia e á circulación das persoas viandantes, débese actuar no deseño tanto das beirarrúas coma dos cruzamentos, da calzada... no conxunto das vías de fachada a fachada para transmitirles ás e aos condutores a existencia doutras usuarias e usuarios principais, que son as e os peóns.

Trátase de mudar claramente a prioridade no uso da rúa sen ter como obxectivo final a exclusión do vehículo privado, senón regular a súa velocidade e fomentar e impoñer o respecto estrito entre os medios de transporte, aplicando unha visión integradora do uso e gozo do espazo público, ben mediante espazos de preferencia peonil con plataformas únicas, beirarrúas ou sendas cun mínimo de 3 m de largo, a regulación de estacionamentos, iluminación, ou calmado de tráfico, sobre todo nas zonas rurais.

A aplicación desta filosofía e destas técnicas, recollidas de maneira máis extensa na publicación *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable* (dispoñible en formato dixital na web depo.gal), incide en tres grandes apartados: diminuír os rúidos, reducir a contaminación atmosférica, e aumentar o atractivo paisaxístico e mitigar o impacto visual no contorno tanto no ámbito urbano coma no rural.

Traballar sobre o espazo público e deseñar vías e lugares de encontro para a cidadanía supón un reto para calquera gobernante e persoal técnico que teña como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas. Neste sentido, seguindo a filosofía e o modelo de priorizar a mobilidade peonil e a seguraza en calquera estrada, a Deputación de Pontevedra, a través da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, creou a Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público, un instrumento de acción institucional a prol de considerar e valorizar o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía. Búscase garantir unha convivencia harmónica das diferentes mobilidades e recuperar espazos para as persoas.

A través da Rede Ágora deséxase incentivar os concellos da provincia a adoptar decisións a prol da recuperación do espazo público dos seus ámbitos urbanos e a usar as mobilidades naturais como alternativa ás motorizadas. Existen grandes retos por diante, coma loitar contra a violencia viaria, a expulsión das persoas do espazo público ou o uso desmedido da mobilidade motorizada co consecuente aumento da contaminación ambiental e acústica.

A rede establece un decálogo de principios que se deben cumprir en todas as actuacións realizadas no espazo público dos concellos adheridos; a través deles preténdese, como fin último, mellorar a calidade de vida das persoas a través das súas relacións co espazo público.

No marco desta iniciativa convócase a primeira edición dos Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público, que non ten por finalidade recoller en imaxes proxectos de obra ou actuacións concretas e puntuais de maneira simple, senón reflectir a filosofía, os valores e os principios da Rede Ágora que apostan polo deseño de calidade, polo uso e polo gozo do espazo público por parte das persoas; é dicir, amosar a vida no espazo público como un dereito.

Bases reguladoras

Primeira. Obxecto

As bases reguladoras da primeira edición dos Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público teñen como finalidade recoñecer fotografías nas que se reflectan transformacións realizadas no espazo público da provincia de Pontevedra que mostren a importancia dos principios da Rede Ágora expostos na base terceira.

Segunda. Persoas destinatarias

Poderán optar a estes premios todas as persoas físicas que así o desexen, tanto profesionais da fotografía coma afeccionadas.

Terceira. Os principios Ágora

1. **O espazo público é un dereito.** Un dereito ao mesmo nivel que a sanidade ou a educación. Toda persoa dun ámbito urbano de calquera dimensión ten dereito a dispor dun espazo público de calidade no que desenvolver a súa vida e as súas relacións sociais con seguridade. É unha obriga das administracións garantirlle ese dereito á cidadanía.
2. **As persoas primeiro.** Calquera actuación no espazo público estará destinada ás persoas a partir dun cambio de prioridades. Terase como obxecto garantir a mobilidade peonil, que terá prioridade sobre outros modos de transporte na seguinte orde: bicicletas, vehículos de mobilidade persoal (VMP), transporte colectivo e automóbil particular.
3. **Mobilidade inclusiva.** O espazo público é o único que é de todas e todos, sen distinción de raza, sexo, idade, condición social nin capacidade física ou psíquica. É obriga dos concellos garantir a accesibilidade universal aos espazos públicos, e promovelos como elementos de equidade e inclusión social. Atenderanse de xeito prioritario as necesidades dos colectivos máis vulnerables: nenas e nenos, maiores e persoas con diversidade funcional.
4. **Autonomía infantil.** A integración da infancia é un elemento básico do proceso de socialización das nenas e nenos, polo que debe ser un obxectivo de toda a sociedade devolverlles globalmente un espazo público seguro. Os concellos promoverán a creación de camiños escolares seguros (como primeira medida de recuperación do espazo para a infancia), potenciarán a presenza de nenas e nenos nas rúas e prazas de xeito autónomo, e establecerán canles de participación infantil na vida municipal.
5. **Mobilidades alternativas.** Promoverase a mobilidade natural e activa fronte á motorizada tanto nos núcleos urbanos coma nos rurais, creando espazos de preferencia peonil nas rúas

e prazas centrais das nosas vilas e parroquias. No ámbito rururbano e interurbano estableceranse itinerarios peonís e ciclables. Fomentárase o uso da bicicleta na mobilidade cotiá como modo de transporte alternativo.

6. **Espazos seguros.** A seguraza viaria será unha prioridade nos concellos, que incentivarán políticas de calmado de tráfico a través da colocación de pasos peonís sobreelevados e redutores físicos de velocidade. Todas as vías municipais en contornos de núcleos urbanos ou rurais disporán de velocidades máximas de 30 km/h. Nos espazos públicos de preferencia peonil os vehículos autorizados terán unha velocidade máxima de 10 km/h.
7. **Hábitat saudable.** Reducir a presenza de vehículos a motor e fomentar a mobilidade activa servirá para construír unha sociedade máis saudable. Os concellos, ademais de promover espazos amables e seguros para os desprazamentos cotiáns, fomentarán iniciativas para potenciar as prácticas e os usos saudables entre a cidadanía, coma camiñar ou andar en bicicleta.
8. **Espazos amables e de calidade.** Os concellos comprométense a que en todos os proxectos de intervención no espazo público se garantirá un espazo peonil amable e de calidade, cun itinerario continuo e libre de obstáculos cun largo mínimo de 2,5 m (preferentemente de 3 m). Nos proxectos de itinerarios peonís e ciclables (nos que se segrega a calzada) establecerase tamén un largo mínimo de 2,5 m (preferentemente de 3 m). No caso de que esta solución sexa imposible ou desaconsellable, priorizarase a plataforma única coas medidas de calmado de tráfico necesarias para protexer os colectivos máis vulnerables.
9. **Actividade económica de proximidade.** A potenciación do espazo público de calidade e a presenza de persoas nas rúas servirá para fomentar o comercio local. Os concellos promoverán actividades sociais, culturais, deportivas e de lecer no espazo público recuperado, que, ademais, servirán como recursos turísticos.
10. **Mobilidade sostible.** Ante a actual crise climática e segundo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible elaborados pola ONU e a Axenda 2030, os concellos promoverán a redución do uso de vehículos motorizados. O espazo público tenderá a reducir ou a estar libre de contaminación ambiental.

Cuarta. Orzamento

A contía consignada para estes premios ascende a corenta mil (40.000,00) euros, con cargo á aplicación 21/456.9420.481.01 do Orzamento provincial.

Quinta. Categorías e premios

As categorías correspóndense con cada un dos 10 principios que establece a Rede Ágora. Premiaranse as fotografías de actuacións realizadas no espazo público da provincia de Pontevedra que mellor reflectan cada un destes principios. Valoraranse:

- A capacidade da fotografía para mostrar a importancia dos principios que rexen a Rede Ágora
- A calidade técnica

As categorías son as que se indican a continuación:

- Categoría 1: O Espazo Público É un Dereito
- Categoría 2: As Persoas Primeiro
- Categoría 3: Mobilidade Inclusiva
- Categoría 4: Autonomía Infantil
- Categoría 5: Mobilidades Alternativas
- Categoría 6: Espazos Seguros
- Categoría 7: Hábitat Saudable
- Categoría 8: Espazos Amables e de Calidade
- Categoría 9: Actividade Económica de Proximidade
- Categoría 10: Mobilidade Sostible

A contía dos premios e recoñecementos son:

Primeiro premio: 6.000 €

Elixirase a mellor fotografía, de calquera categoría, de entre todas as presentadas

- Segundo premio: 4.000 €

Elixirase a segunda mellor fotografía, de calquera categoría, de entre todas as presentadas

- Premio para cada unha das dez (10) categorías: 2.000 €

Escollerase unha fotografía de cada unha das dez (10) categorías e outorgaráselle un premio de 2.000 €

- Ata vinte (20) accésits de 500 €

Finalmente, entre todas as fotografías presentadas a calquera das categorías, seleccionárase ata un máximo de vinte (20) fotografías, que serán recoñecidas cun accésit de 500 € cada unha

Cada fotografía só poderá recibir un premio ou accésit.

Sexta. Condicións

- As fotografías deben ter relación directa coas categorías do premio. O ámbito xeográfico das fotografías é a provincia de Pontevedra
- As fotografías deben ser obra propia da autora ou do autor que se presenta ao concurso

- Cada participante pode presentar un máximo de cinco (5) fotografías, que poderán ser da mesma categoría ou de categorías diferentes
- Cada fotografía poderá presentarse unicamente a unha das dez (10) categorías dos premios. O xurado reserva o dereito de reclasificar as fotografías nunha categoría na que, ao seu entender, a imaxe se axuste mellor
- Poden presentarse fotografías publicadas ou inéditas; en branco e negro ou en cor
- O xurado descartará e descualificará aquelas fotografías que non sexan instantáneas reais ou inclúan manipulacións, montaxes ou falsificacións
- Cada imaxe debe documentarse, indicando o título, o lugar e mais a data na que foi tomada, na información incrustada (IPTC) do arquivo fotográfico, sen que conteña ningunha referencia que poida identificar a autoría
- As fotografías deben remitirse en formato dixital (.jpg) convertidas a perfil de cor RGB cun tamaño mínimo de 3.500 px no seu lado maior e cunha resolución de 300 ppp. A Deputación reserva o dereito a solicitar o arquivo .raw ou .jpg orixinal a todas as persoas gañadoras ou que recibiron un accésit
- As e os participantes deben dispor do consentimento de todas as persoas que se poidan identificar na fotografía sempre e cando constitúan un elemento fundamental e sexan as súas protagonistas. Se nelas se identifican menores de 14 anos de idade débese dispor do consentimento da súa nai, pai ou persoa que exerza a súa titoría legal. É responsabilidade das e dos concursantes ter os permisos necesarios para tomar as imaxes e presentalas ao concurso

A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incurrir as persoas participantes.

Sétima. Fotografías excluídas

Quedarán excluídas dos premios as seguintes fotografías:

- As que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases
- As que poidan atentar contra a imaxe, a intimidade e a honra das persoas ou institucións
- As que resulten ofensivas, difamatorias ou vexatorias cara a persoas ou animais
- As que sexan discriminatorias desde o punto de vista de sexo e/ou raza
- As que conteñan imaxes de menores con contidos que poidan constituír delito
- As que inclúan referencias que permitan identificar a autora ou autor e que, polo tanto, non respecten o anonimato da candidatura
- As presentadas a máis dunha categoría

- Todas as solicitudes e fotografías cuxa forma de presentación non se axuste ao establecido nestas bases

Oitava. Procedemento para a presentación de solicitudes de participación e prazo e lugar de presentación

Coa finalidade de garantir o anonimato da autoría das fotografías haberá unha fase previa de presentación de solicitudes de participación, co seguinte procedemento:

8.1. As persoas interesadas en participar deberán preinscribirse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

8.2 Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que se deberá imprimir e asinar para achegalo de forma presencial.

O prazo de presentación das candidaturas será dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

8.3. Cada solicitude incluírá un código único de preinscripción, que se poderá utilizar para presentar ata un máximo de cinco (5) fotografías.

Novena. Comprobación de datos

9.1 Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas solicitantes
- NIF das persoas representantes, no seu caso
- Así mesmo, comprobarase que as persoas participantes estean ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

9.2 No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

9.3 Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes de participación e as súas emendas

10.1 Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10.2 Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Procedemento de admisión e presentación das fotografías

Unha vez recibida a solicitude de preinscrición por parte da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, de admitirse, a persoa solicitante recibirá un SMS cun código de validación, ademais do acceso ao modelo anonimizado necesario para presentar as fotografías segundo o previsto no seguinte punto.

A persoa solicitante deberá entregar, no prazo dun (1) mes desde a recepción do SMS, as fotografías en formato dixital (nun CD, nunha memoria USB ou similar) nunha oficina de rexistro da Deputación de Pontevedra, nun sobre pechado, xunto co modelo de presentación recibido por correo electrónico debidamente cuberto, no que é obrigatorio que conste a seguinte información:

- Categoría do premio ao que se opta
- Título da fotografía ou fotografías
- Localización do espazo público fotografado

As oficinas de Rexistro da Deputación de Pontevedra poden consultarse en: <https://www.depo.gal/servizos-a-cidadania/centros/registro>

Unha vez validada a solicitude, o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de prescrición co código xerado ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría das fotografías premiadas.

Décimo segunda. Xurado

A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizarase segundo a proposta dun xurado nomeado e presidido pola presidenta da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

O xurado estará integrado por representantes da Deputación da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos e por profesionais externas ou externos de recoñecido prestixio, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O xurado estará composto por un total de cinco integrantes.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

En todo o que non estea previsto nestas bases o xurado quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

A composición do xurado farase pública na páxina web da Rede Ágora, www.redeagora.gal, cando finalice o prazo de presentación de fotografías.

Unha vez revisadas as fotografías por parte da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non serán admitidas a trámite, e ditarase a oportuna resolución. As demais fotografías remitiráselle ao xurado, que as examinará e valorará, propoñerá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, que quedará recollida nunha acta.

O xurado poderá declarar deserta calquera das categorías se considera que ningunha das fotografías presentadas reúne os méritos suficientes para ser premiada.

Os membros do xurado percibirán os gastos de desprazamento e as axudas de custo que legalmente puidesen corresponderlles, que se estiman nun total de 500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.9420.226.06.

Tras a decisión do xurado, o Servizo de Novas Tecnoloxías procederá á identificación da autora ou autor de cada unha das fotografías premiadas.

Décimo terceira. Publicación de actos

As bases publicaranse xunto co seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, tamén se publicará na páxina web da Rede Ágora, www.redeagora.gal.

Décimo cuarta. Publicación e dereitos de autoría

Todas as fotografías presentadas deben ser obras orixinais e a persoa participante será a única propietaria destas.

Aquelas fotografías premiadas ou recoñecidas cun accésit, desde o momento no que contén cunha resolución derivada da decisión do xurado, poderán ser utilizadas pola Deputación de Pontevedra para levar a cabo as accións que considere oportunas para a súa difusión, pero sempre fará constar a autoría. As fotografías presentadas non premiadas nin recoñecidas cun accésit non serán empregadas pola Deputación de Pontevedra.

O feito de recibir un premio ou un accésit supón a autorización das persoas participantes para expoñer, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Décimo quinta. Proxectos premiados

A Deputación comunicarlles ás persoas autoras das fotografías premiadas e recoñecidas cun accésit a data e mais a hora do acto público no que se entregarán os premios, co fin de que poidan asistir ou designar a persoa que as representará se non poden estar presentes.

Tras publicar a resolución derivada da decisión do xurado, as persoas gañadoras e as que recibiron un accésit deberán achegar a certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe dos premios. Así mesmo, aplicaranse as retencións correspondentes de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

No suposto de ser menor de idade, a nai, o pai ou a persoa que exerza a súa titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación a pagar o premio, no caso de que se lle concedese.

Décimo sexta. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata da candidatura presentada. Se esta falsidade se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e a fotografía resultase premiada, o premio obtido quedará sen efecto e reintegraranse, no seu caso, as cantidades percibidas por tal concepto.

Décimo oitava. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraa a Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos.

En todo o non previsto nestas bases o xurado quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

Décimo novena. Autorización para a difusión de imaxes

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes durante a entrega dos premios (no caso dun acto público), que poderán ser obxecto de publicación por parte da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Réxime xurídico

Esta convocatoria rexerese por estas bases reguladoras. De forma supletoria, aplicarase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria, de 28 de outubro de 2016, e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016; as bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, rexerese pola LPACAP; pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e polas demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, polas de dereito privado.

Vixésimo primeira. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos de acordo coas normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.